



# III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

2022-2025



5 IGUALDAD  
DE GÉNERO



# **III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2022-2025**

2

## **INDICE**

1. Presentación alcadesa
2. Introdución
  - a. Presentación e xustificación
  - b. Principios orientadores
  - c. Metodoloxía
  - d. Estrutura do plan
3. Áreas e medidas de actuación
  - a. Benestar integral e participación
  - b. Información e sensibilización entorno a igualdade entre mulleres e homes
  - c. Corresponsabilidade, conciliación e xestión dos tempos
  - d. Coeducación e accións para o ocio e tempo libre
  - e. Emprego e formación
  - f. Violencia de xénero
4. Sistemas de seguimento e avaliación
  - a. Cronograma
  - b. Ficha de avaliación
5. Normativa sobre igualdade de xénero
6. Glosario
7. Análise diagnóstica
  - a. Análise demográfica
  - b. Análise de formación da poboación de Guitiriz
  - c. Análise do mundo laboral
  - d. Violencia de xénero

## 1. PRESENTACIÓN DA ALCALDESA.

Estimadas/os veciñas e veciños:

Foi xa en 2012 cando o Concello de Guitiriz comezou a súa andaina e decidiu poñer en marcha o seu I Plan de Igualdade Municipal; e agora 10 anos despois e tras unha pandemia mundial e un mundo totalmente diferente toca a posta en marcha do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

3

A pesar dos importantes avances logrados ao longo deste tempo nesta materia como: dereitos da muller, recursos e servizos, lexislación, economía etc... a desigualdade de xénero segue a ser unha realidade presente en moitos ámbitos da sociedade e dende o Concello poñeremos o noso gran de area para poder avanzar todo o posible.

A TRANSVERSALIDADE será, sen dúbida o concepto central deste novo plan, a través da cal se pretende incidir en tódolos ámbitos de actuación e en tódalas concellerías. A visibilización da muller no rural e a posta en valor dos coidados así como o fomento da corresponsabilidade real son outros dos piares fundamentais nos que áinda queda moito por facer.

Pero, sen dubida, un dos ámbitos que nunca imos abandonar e no que seguiremos en primeira liña é o da atención ás vítimas. Un campo prioritario e no que non imos escatimar esforzos. A atención tanto económica como terapéutica ten que ser prioritaria e debemos garantir que sexa sempre accesible e próxima.

Finalmente gustaríame contar con toda a xente do Concello de Guitiriz para camiñar cara adiante e lograr a igualdade real: empresas, particulares, entidades, mozos e mozas, asociacións; en resumen con tódolos homes e mulleres facendo equipo para facer que o feminismo sexa una camiño común.

## 2. INTRODUCCIÓN

### a. Presentación e xustificación

4

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un dereito universal, as políticas de promoción de dita igualdade consolidan unha sociedade máis honesta, estable, solidaria, e sobre todo, xusta. Unha sociedade capaz de mellorar a calidade de vida e as relacións de carácter inter persoal das persoas que a integran.

Eliminando os roles e estereotipos que tradicionalmente nos foron asignados a todas e todos, impulsaremos a promoción, permanencia e incorporación das mulleres na esfera pública e privada, elevando a calidade de vida de todo o conxunto da sociedade.

Consecuentemente, a promoción da igualdade entre homes e mulleres é un eixe vertebral das políticas de igualdade do concello de Guitiriz, dando un paso máis alá para lograr un dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, enmarcados na Axenda2030, más concretamente, o cinco, a igualdade de xénero.

Neste sentido, o actual escrito presenta o “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Guitiriz” (III PIOM do Concello de Guitiriz), un documento caracterizado pola súa transversalidade, consistente na implicación de todos os seus órganos e departamentos coa finalidade de promover a incorporación das mulleres de maneira activa na nosa sociedade.

O presente plan de igualdade debe ser capaz de mellorar a situación social actual, entorno á problemática do xénero, de promover o benestar da poboación en xeral e das mulleres en particular. Así mesmo, deberá acadar unha redución das desigualdades sufridas pola poboación feminina, tanto no eido produtivo, como no non produtivo.

En conclusión, o III PIOM do Concello de Guitiriz, vixente desde o ano 2022 ata 2025, mostra unha serie de medidas e obxectivos que teñen que mellorar a situación das mulleres no municipio, servindo como unha ferramenta de traballo, non só para o persoal técnico do concello, senón que tamén para os axentes sociais pertencentes a dito territorio.

### b. Principios orientadores

Os principios orientadores do III PIOM do Concello de Guitiriz son os seguintes:

- Principio de transversalidade: Debese de garantir que a perspectiva de xénero está incorporada en todos niveis, áreas e actuacións que se lleven a cabo tanto dentro como fora da institución.



- Principio de diversidade, pluralidade e multiculturalidade: Tense que asegurar o recoñecemento das diversas situacións e circunstancias que poden estar a pasar cada unha das mulleres á hora de levar a cabo accións, garantindo así a igualdade e tendo en conta a procedencia, clase social, grupo étnico, orientación sexual etc. destas.
- Principio de participación: É prioritario garantir a participación da poboación nos diversos ámbitos da sociedade, ao igual que na toma de decisións, neste contexto deberemos fazer fincapé na importancia da presenza da muller e de crear espazos participativos equitativos a todos os niveis.
- Principio de coordinación: Débese fortalecer a coordinación como ferramenta capaz de aplicar o principio de transversalidade entre os diversos departamentos e concellerías.

5

Para que se poida levar a cabo todo o aquí exposto é preciso un firme compromiso político e orzamentario.

### c. Metodoloxía

A metodoloxía que se vai levar a cabo no III PIOM do Concello de Guitiriz será a participativa. A participación é una necesidade humana sentida e ten unha forte conexión co ser, ter e estar das persoas. Se somos capaces de promover a participación, fortaleceremos as posibilidades de transformación social, tanto no eido da igualdade de xénero, como en moitos outros, xerando niveles amplos de independencia e autonomía para mellorar de maneira integral as condicións de vida dos e das veciñas do municipio.

Con esta finalidade, no presente documento empregaranse técnicas de recollida de información tanto cuantitativas como cualitativas.

As técnicas cuantitativas vanse apoiar na análise e revisión de datos secundarios obtidos en fontes estatísticas oficiais, como poden ser o IGE, INE, Instituto Galego de Cualificacións etc. isto vainos permitir levar a cabo unha profunda análise diagnóstica do municipio, atendendo a áreas como poden ser a demografía, a formación da poboación ou mercado laboral.

Da mesma maneira, contaremos co apoio do departamento de Servizos Sociais do concello que nos aportará toda a información necesaria para levar a cabo con éxito o presente plan.

En definitiva, o proceso de elaboración do III PIOM do Concello de Guitiriz consta de:

- Análise cuantitativa:
  - Revisión de fontes secundarias.
  - Redacción da análise diagnóstica.
- Análise cualitativa:
  - Realización de entrevistas en profundidade en torno ao presente plan a axentes clave.

#### d. Estrutura do plan

En conclusión, o III PIOM do Concello de Guitiriz (2021 - 2026) articulase en torno a seis áreas de actuación. Cada unha de estas áreas conta con diversos obxectivos específicos e con medidas concretas a realizar, extraídas da análise diagnóstica do municipio e das entrevistas en profundidade a axentes clave, estas áreas son:.

- Benestar integral e participación cidadá
- Información e sensibilización entorno a igualdade entre mulleres e homes
- Corresponsabilidade, conciliación e xestión dos tempos
- Coeducación e accións para o ocio e tempo libre
- Emprego, formación e emprendemento
- Violencia de xénero

### 3. ÁREAS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN

#### a. Benestar integral e participación cidadá

- Obxectivo xeral:
  - Apoiar o benestar integral e a participación cidadá das persoas integrantes do municipio, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Obxectivos específicos:
  - Promover o tecido social e asociativo a nivel local como medio de mellora da participación e da actividade pública da cidadanía guitiricense, dende unha perspectiva feminista.
    - **Apoiar as asociacións municipais a nivel infraestructural e orzamentario para que poidan desenvolver as súas actividades de maneira activa.**
    - **Crear un espazo virtual onde todas as asociacións poidan informar á cidadanía de maneira conxunta sobre as súas actividades.**
    - **Promocionar asambleas entre mulleres para a creación da primeira asociación feminista do concello.**
    - **Nos convenios firmados polo Concello e as diferentes asociacións condicionar a entrega de axudas a utilización de linguaxe non sexista e incluír logotipo de igualdade nos carteis e publicacións.**

- **Dar a coñecer o III PIOM do concello de Guitiriz ás asociacións para que poidan poñelo en práctica no seu día a día.**
- Impulsar hábitos de vida saudables a través da saúde integral e da atención social nas persoas do municipio.
  - **Fomentar as actividades das escolas deportivas do concello, proporcionando orzamento e infraestrutura se fora necesario.**
  - **Establecer recoñecementos periódicos para persoas do concello que tivesen grandes logros no ámbito deportivo de xeito paritario**
  - **Promover formacións entorno aos bons hábitos do sono, á educación emocional e a hixiene persoal en todas as idades.**
  - **Continuar coas accións para a promoción do envellecemento activo en Guitiriz.**
- Dar a coñecer a poboación o servizo de atención temperá.
  - **Informar nos medios de comunicación sobre o servizo.**
  - **Poñer un espazo concreto na web do concello adicado a explicar en qué consiste este servizo.**

7

### **b. Información e sensibilización entorno a igualdade entre mulleres e homes**

- Obxectivo xeral:
  - Fomentar a información e sensibilización sobre a igualdade de xénero no municipio.
- Obxectivos específicos:
  - Promocionar a integración da perspectiva de xénero na organización e xestión do traballo do concello de Guitiriz.
    - **Difusión do contido do III PIOM do Concello de Guitiriz entre o persoal político e técnico do municipio, así como á cidadanía en xeral.**
    - **Fomentar o uso da linguaxe non sexista nos documentos oficiais do concello de Guitiriz.**
    - **Solicitar o maior número posible de axudas e subvencións que faciliten a realización das actuacións e obxectivos establecidos no presente plan de igualdade.**
    - **Realización de formacións periódicas obligatorias para o persoal do concello en materia de xénero.**
  - Crear espazos de difusión e sensibilización en torno a problemática de xénero dende unha perspectiva feminista.

- Difundir o **instagram @guitirizenigualdade** como un medio de información para a cidadanía en aspectos relacionados coa igualdade de xénero.
- Adicar un espazo propio na páxina web do concello onde se poidan divulgar as accións levadas a cabo no presente plan de igualdade, así como toda aquela información relevante en torno á igualdade de xénero.

8

### **c. Corresponsabilidade, conciliación e xestión dos tempos**

- Obxectivo xeral:
  - Favorecer a sensibilización das veciñas e veciños do concello sobre a corresponsabilidade, a conciliación laboral e familiar e a xestión dos tempos, facendo fincapé nos roles tradicionais de xénero.
- Obxectivos específicos:
  - Promover a importancia do reparto equitativo das responsabilidades familiares e domésticas entre todos os membros da unidade familiar.
    - **Realizacón dunha campaña de sensibilización en torno á importancia do reparto equitativo das responsabilidades familiares e domésticas.**
    - **Levar a cabo actividades nas que se poña en valor do traballo doméstico e do campo, e a súa contribución á economía en xeral.**
  - Poñer en coñecemento da poboación os diversos recursos cos que conta o concello para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
    - **Publicitar o servizo Guitiriz Concilia, o PAI e o Centro de Día “Casa Capataz” .**
    - **Promover actividades de carácter interxeneracional, nas que os anteriores servizos se poñan en contacto para poder levalas a cabo.**
  - Executar actividades, xornadas ou obradoiros destinados ás crianzas fóra do ámbito escolar.
    - **Campamentos de nadal, verán, actividades temáticas...**
  - Favorecer a adaptación horaria das diversas actividades destinadas á poboación do municipio.
    - **Cursos e actividades en horario de tarde / fin de semana.**
  - Fomentar un grupo de apoio a persoas cuidadoras informais, tendo en conta as súas necesidades e preferencias.

- **Promover o apoio social, psicolóxico e económico das persoas que adican o seu tempo a coidar a persoas en situación de dependencia.**
- **Fomentar actividades de autocoidado e de xestión emocional, co fin de acadar un maior benestar persoal.**
- **Traballar en actividades de ocio e tempo libre, adaptándose as necesidades específicas do grupo.**

9

#### **d. Coeducación e accións para o ocio e tempo libre**

- Obxectivos xerais:
  - Promocionar á transformación social das relacións de xénero entre a poboación do municipio a través do proceso educativo.
  - Garantir que en todas as actividades, xornadas ou obradoiros que se organicen dende o concello estea presente a perspectiva de xénero.
  - Promover accións para un ocio e tempo libre positivo das mulleres do municipio.
- Obxectivos específicos:
  - Traballar coa comunidade educativa para fomentar a coeducación e eliminar os roles e estereotipos de xénero entre a poboación do municipio.
    - **Elaborar propostas ós centros educativos do municipio no que se traballe, en función da idade, os obxectivos establecidos no III PIOM do Concello de Guitiriz.**
  - Organizar actividades destinadas ás crianzas do concello co obxectivo de sensibilizala en materia de igualdade de xénero.
    - **Planificar talleres anuais de contacontos, xogos e actividades que promovan valores igualitarios.**
    - **Construír unha “Gymkana non sexista”, na que aproveitando o entorno do concello se traballen conceptos relacionados coa igualdade de xénero.**

#### **e. Emprego e formación**

- Obxectivos xerais:
  - Levar a cabo diversas accións que promovan o emprego e o autoemprego no concello.
  - Promover accións formativas que permitan unha mellora cualitativa na vida dos veciños e veciñas do municipio.



- Sensibilizar sobre as desigualdades de xénero que se producen nestes ámbitos, levando así a cabo unha discriminación positiva cara as mulleres durante o desenvolvemento de ditas accións.
- Obxectivos específicos:
  - Crear cursos bianuais de búsqueda de emprego que permitan a inserción socio-laboral da cidadanía en paro do municipio.
    - **Traballar en actividades de autocoñecemento.**
    - **Concienciar sobre a importancia de ter un bo currículo e ver os diferentes currículums que hai.**
    - **Presentar os novos portais de búsqueda de emprego.**
      - **Falar sobre outros cursos nos que se forme as persoas no uso das TIC e que se leven a cabo no concello.**
    - **Visibilizar o teito de cristal que sufren as mulleres dentro do mercado laboral.**
  - Favorecer a formación e capacitación das mulleres para a incorporación ou reincorporación ao mercado laboral.
    - Realizar accións formativas para a alfabetización, tanto a nivel lectoescritura como dixital.
    - Facer accións que lles permita as mulleres acadar o graduado a través da ESA.
  - Promover a formación en novos nichos de emprego aproveitando os recursos da terra e o entorno rural no que vivimos.
    - Cursos cada dous anos sobre o autoemprego e cooperativismo no medio rural.
      - **Dar asesoramento xurídico, técnico e económico sobre o autoemprego no rural.**
      - **Formar ás persoas participantes na producción ecolóxica e sostible.**
      - **Levar a cabo mesas redondas nas que participen persoas expertas na temática do cooperativismo e do ecoloxismo.**
      - **Visibilizar a masculinización do rural.**
  - Orientador/a laboral: promover a busca de recursos para a existencia dun xeito o máis cercano posible, da figura da orientadoa/or laboral.
  - Visibilizar aquelas investigacións/proxectos educativos oficiais feitos por persoas do municipio que se centren en dar un paso máis para acadar a igualdade de xénero.
    - **Apoiar con actos, actividades e recoñecementos ás persoas que nas súas investigacións / proxectos educativos traten a igualdade de xénero ou, de maneira transversal, a inclúan nos**

seus traballos fin de grao / máster / doutoramento ou similares.

#### **f. Violencia de xénero**

- Obxectivo xeral:
  - Estimular a erradicación e prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres por razóns de xénero no municipio.
- Obxectivos específicos:
  - Contribuír á eliminación da violencia de xénero no concello.
    - **Organizar actos e xornadas conmemorativas a nivel local nos que se implique á poboación do municipio con motivo do 25 de novembro.**
    - **Desenvolver obradoiros para a prevención da violencia de xénero e a promoción de relacións igualitarias nos centros educativos.**
    - **Conteo e visibilización do número de vítimas de violencia de xénero que se van producindo, nun espazo público e accesible do concello.**
    - **Dotar de xeito urgente de recursos económicos ás mulleres en situación de violencia de xénero mentres non chegan as axudas pertinentes.**
    - **Elaboración dun protocolo de actuación conxunto entre o concello, os centros de saúde locais e as forzas e servizos de seguridade do estado ante unha situación de violencia de xénero.**

11

### **4. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**

Co fin de acadar un bo funcionamento do III PIOM do Concello de Guitiriz (2021-2026) teremos que establecer ferramentas precisas de seguimento para as accións desenvoltas, así como mecanismos avaliativos que valoren de maneira rigorosa e continuada o cumprimento dos obxectivos establecidos no apartado anterior.

A avaliación é así o proceso mediante o cal analizamos o grado de cumprimento e idoneidade das accións executadas ata o momento en relación cos obxectivos e. A comisión encargada da avaliación vai establecer a mesma en torno a tres eixos:

- Resultados obtidos: grado de cumprimento das actividades programadas, dos obxectivos previstos e das necesidades atendidas.

- Proceso: valoración dos recursos humanos e materiais usados, así como o cumprimento do calendario previsto.
- Impacto: valoración do impacto das medidas executadas, facendo unha análise do grado de mellora respecto á situación previa á posta en marcha do PIOM.

Esta labor de avaliación ofrece información relevante para levar a cabo a toma de decisións de cara a potenciar os logros e, ademais, posibilita a corrección dos posibles errores do III PIOM do Concello de Guitiriz, poderemos así mellorar e adaptar o plan ás necesidades que poidan xurdir.

De esta maneira, o sistema de seguimento e avaliación do presente PIOM exporse dende dous piares, por unha banda, o cumprimento dun cronograma e, por outra, a recollida de toda a información obtida durante as accións levadas a cabo a través dun sistema de fichas de avaliación.

12

### a. Cronograma

O conxunto de medidas e obxectivos contemplados no plan que aquí se presenta deben desenvolverse ao longo do tempo de maneira ordenada e sistemática, por este motivo vamos a fixar unhas datas aproximadas de execución das accións. (establecer na reunión)

### b. Ficha de avaliación

As fichas de avaliación forman parte das ferramentas que se van a empregar para o seguimiento de todas as accións levadas a cabo no actual plan de igualdade, isto vainos permitir un alto grado de información, que unha vez analizada, nos permitirá ver o grado de cumprimento dos obxectivos anteriormente plantexados.

A continuación, presentase o modelo de ficha de avaliación que se vai usar:

<b>FICHA DE AVALIACIÓN DO III PIOM DO CONCELLO DE GUITIRIZ</b>	
ORGANISMOS IMPLICADOS	
ACCIÓN LEVADA A CABO	DATA
PERSOAS DESTINATARIAS	DURACIÓN DA ACCIÓN

PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES	LUGAR NO QUE SE DESENVOLVE
GRAO DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES	GRAO DE SATISFACCIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN
ÁREA DO PIOM NA QUE SE INSCRIBE	OBXECTIVOS QUE SE TRABALLAN
ORZAMENTO	MEDIOS DE DIFUSIÓN
ANÁLISE DAFO (DEBILIDADES, FORTALEZAS, AMENAZAS E OPORTUNIDADES)	
OBSERVACIÓN	

É de relevancia destacar que todas as accións levadas a cabo no III PIOM do Concello de Guitiriz estarán adaptadas, é dicir, terase en conta a presenza de persoas participantes con diversidade funcional, diversidade étnica, persoas que teñan problemas idiomáticos ou calquera outra circunstancia que requira facer modificacións para que poidan participar de maneira activa e cumplir os obxectivos plantexados no presente plan de igualdade.

## 5. NORMATIVA SOBRE IGUALDADE DE XÉNERO

A continuación faise un breve resumo sobre a normativa existente na que nos debemos apoiar para fazer fronte á igualdade de xénero, tanto a nivel internacional, como europeo, español, e, por último, galego.

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Constitución Española (1978).
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979).

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- Instrumento de ratificación do convenio de consello de europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Estambul o 11 de maio de 2011.
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

14

## 6. GLOSARIO

- ✓ **Acción positiva:** estratexias destinadas a establecer la igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan contrastar ou corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais”.
- ✓ **Mainstreaming ou transversalización de la perspectiva de xénero:** proceso de valorar las implicacións que teñen para os homes e para as mulleres calquera acción que se planifique, xa se trate de lexislación, políticas o programas, en tódalas árees e en tódolos niveis. Non só se limita ós esforzos de promoción da Igualdade ca posta en marcha de medidas específicas a favor das mulleres, senón en mobilizar tamén explicitamente a favor da Igualdade o conxunto de accións e Políticas Xerais introducindo na súa concepción de forma activa e visible a atención ós posibles efectos sobre as situacións respectivas de mulleres e homes.
- ✓ **Discriminación directa:** situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable.
- ✓ **Discriminación indirecta:** situación na que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade

lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

- ✓ **División sexual do traballo:** supón a división social do traballo e da realidade en dúas esferas, adxudicadas de xeito diferencial a homes e mulleres segundo o seu sexo. Por unha banda, a esfera do traballo produtivo e do espazo público, maioritariamente adscrita aos varóns ao longo da historia e, por outra banda, a esfera do traballo reprodutivo/doméstico e do espazo privado e o coidado, adscrita ás mulleres. A diferenza fundamental entre ambas as dúas esferas radica en que o traballo produtivo é remunerado e o reprodutivo é maioritariamente desenvolvido por mulleres de xeito gratuíto, invisible e non reflectido na contabilidade oficial, a pesares do seu alto valor engadido.
- ✓ **Dobre xornada:** compaxinación do traballo produtivo e reprodutivo por parte das mulleres, con consecuencias físicas e psíquicas para a súa saúde.
- ✓ **Empoderamento:** proceso multidimensional polo que as mulleres, partindo do coñecemento da súa desigual posición na sociedade, determinan a súa lexitimidade e a súa capacidade para participar na toma de decisións e nas esferas de poder, potenciando os seus recursos. Estereotipos de xénero: conxunto de ideas cunha fonda raigame na sociedade que determinan cales son os comportamentos agardados e sancionados para homes e mulleres, xeralmente opostos.
- ✓ **Machismo:** conxunto de todos aqueles actos físicos ou verbais, por medio dos que se manifesta o sexismoxismo subacente na estrutura social.
- ✓ **Paridade:** proporcionalidade na representación de homes e mulleres.
- ✓ **Políticas de igualdade:** intervencións de tipo político para levar á realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- ✓ **Principio de igualdade:** implica o igual recoñecemento e valoración de homes e mulleres, así coma das tarefas, funcións e roles que desenvolven.
- ✓ **Roles de xénero:** conxunto de tarefas e de funcións asignados socialmente a varóns e mulleres, de xeito diferencial.
- ✓ **Segregación horizontal e vertical:** a segregación horizontal remite a aquellas actividades educativas ou postos de traballo de igual rango nos que a presenza de mulleres é moi maioritaria ou chamativamente escasa, sempre relacionado cos roles e estereotipos de xénero tradicionais.
- ✓ **Sexo:** características biolóxicas dos seres humanos, diferenciais para varóns e mulleres.



- ✓ **Traballo e Emprego:** ao falar de traballo estase a falar daquelas actividades e tarefas que comprenden tanto o traballo produtivo coma o doméstico/reprodutivo, sexan remuneradas ou non. O emprego, pola contra, só se refire ao traballo que é remunerado. Traballo doméstico/reprodutivo: aquel conxunto de actividades que se desenvolven no ámbito do doméstico. Sen a cobertura destas tarefas, o traballo produtivo non sería posible e sería insostible o sistema económico actual. Xeralmente, este traballo é desenvolvido de xeito gratuíto por mulleres, agás nos casos nos que se externaliza e se converte en emprego remunerado, en condicións xerais de precariedade, para outras mulleres. Estas tarefas están conformadas polo coidado das persoas dependentes, organización, intendencia, planificación e mantemento do fogar, planificación da nutrición, hixiene, compra, etc.
- ✓ **Violencia de xénero:** todo acto de violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacóns de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.
- ✓ **Xénero:** características socioculturais atribuídas diferencialmente a varóns e mulleres, que son aprendidas e mudable.

## 7. ANÁLISE DIAGNÓSTICA


Co fin de establecer as medidas e obxectivos que definen este III PIOM do Concello de Guitiriz levouse a cabo unha análise exhaustiva do municipio. De esta maneira, fomos capaces de coñecer a súa situación demográfica, formativa, laboral e de benestar social actual.

En conclusión, a presente análise permite establecer as medidas axeitadas para garantir e fomentar a igualdade de xénero nos diversos ámbitos, inclúese así a continuación un breve resumo da realidade de Guitiriz.

### a. Análise demográfica


Tal e como ocorre no resto da comunidade autónoma a poboación en Guitiriz descende durante a última década, máis debemos de ter en conta que se manteña bastante estable nos últimos cinco anos.

O Padrón Municipal de Habitantes mostra que no ano 2021 Guitiriz conta con 5.490 habitantes, dos cales 2.731 son homes e 2.759 son mulleres, o que supón 237 persoas menos que fai dez anos.




Unha vez analizada esta realidade podemos afirmar que as taxas que mostran o crecemento poboacional do noso concello resultan negativas, o que indica que na última década naceu ou entrou menos xente da que faleceu ou saíu.

A pirámide de poboación do concello de Guitiriz ofrece unha instantánea sobre a situación demográfica que vive o municipio, a redución da poboación e o seu envellecemento, atopamos así unha pirámide típica cun estreitamento na base, o que representa o escaso peso da poboación máis nova.



Fuente: Estadística del Padrón Continuo

Como poderemos observar a continuación, a idade media da poboación do concello está actualmente nos 50.8 anos, 0.43 anos máis que fai cinco anos.



18

En consonancia co falado ata este momento e observando a distribución dos grandes grupos de idade, afirmamos que a poboación menor de 20 anos do concello apenas supón un 12 % da veciñanza do concello, a poboación de entre 20 e 64 anos sería aproximadamente o 57%, é dicir, é o grupo de maior prevalencia no concello, e o 31 % corresponde co grupo etario de persoas adultas maiores de 64 anos.

É de relevancia destacar que hai un alto envellecemento da poboación do municipio, xa que por cada 100 persoas menores de 20 anos, hai 261 persoas maiores de 64, é dicir, que por cada persoa menor de 20 anos hai 2.61 maiores de 64.

No que se refire á cuestión da migración no ano 2019, no concello de Guitiriz, podemos dicir que é maior o número de persoas que proveñen da inmigración que de persoas que marchan. No ano 2015, o número total de persoas inmigrantes que chegan a Guitiriz son 141, é dicir, 53 persoas menos que no ano 2019. En canto a persoas que chegan do estranxeiro, no ano 2019, viñeron 71 persoas, 58 persoas máis que no 2015.

A maioría de persoas que chegan ao municipio fano dende o estranxeiro, máis concretamente dende Rumanía e Marrocos.

Movementos migratorios no concello de Guitiriz (2019)			
Emigracións		Inmigracións	
Mesma provincia	57	Mesma provincia	53
Outra provincia	59	Outra provincia	42
Outra comunidade	20	Outra comunidade	28
Estranxeiro	3	Estranxeiro	71

### Concello de Guitiriz

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

De esta maneira, os movementos migratorios no concello son positivos, tanto para a súa demografía, como para a súa sociedade e economía, é por isto polo que o actual PIOM debe de ter en conta medidas que fomenten a igualdade de oportunidades en este termo, sendo conscientes da diversidade coa que nos podemos encontrar á hora de aplicalas e capaces de adaptarnos ante esta nova situación.

19

Observando o movemento vexetativo dunha poboación, somos capaces de analizar unha posible tendencia do que vai pasar nun futuro próximo, o que resulta de interese para levar a cabo unha planificación local. No ano 2018, Guitiriz tiña os seguintes datos en canto á indicadores demográficos:

Indicadores demográficos do concello de Guitiriz (2018)			
Taxa bruta de natalidade (%)	Número medio de fillos por muller	Idade media á maternidade	Taxa bruta de mortalidade (%)
7.76	1.48	31.32	15.33

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

En resumo:

- Guitiriz ten unha taxa bruta de natalidade de 7.76, cifra superior que a nivel provincial (5.93), e autonómico (6.13).
- O número medio de fillos/fillas por muller do concello é 1.48, tamén más alto que a nivel provincial (1.09), e autonómico (1.04).
- As mulleres de Guitiriz son nais a unha idade media de 31.32 anos, cifra inferior que a nivel provincial (31.97), e autonómico (32.74).
- En canto á taxa bruta de mortalidade, Guitiriz está en 15.33, cifra levemente inferior que a nivel provincial (15.39), e claramente superior que a nivel autonómico (12.00).

Podemos así confirmar que, en termos demográficos, a renovación xeracional, que se estima en 2.1 fillos/as por muller, non se está a dar no municipio, co cal é probable que o envellecemento poboacional continúe nos vindeiros anos.

Tendo en conta todo isto, establecer medidas de apoio para fomentar a natalidade no termo municipal pode ser unha iniciativa a contemplar de cara a tratar de deter o paulatino decrecimiento e envellecemento demográfico.

**b. Análise de formación da poboación de Guitiriz**

A análise de formación dos veciños e veciñas de Guitiriz ofrece datos moi interesantes de cara ao establecemento de medidas adaptadas especificamente ao perfil da súa veciñanza.

Segundo o IGE, no ano 2011 (non existen datos máis recentes para o caso de Guitiriz) temos a seguinte situación en canto a formación:

20

Poboación en vivendas familiares segundo o nivel de estudos (2011)	
Total	5.672
Analfabetos e sen estudos	974
Primeiro grado	1.131
Segundo grado	2.437
Terceiro grado	571

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

Podemos así afirmar que un 17 % do total da poboación do municipio, para o ano 2011, era analfabeta ou carecía de estudos, e tan só un 10 % acadou o terceiro grado. O que nos mostra un amplio campo de traballo de cara aos aspectos formativos que o presente plan de igualdade debe acadar.

Alumnado segundo ensinanza e sexo. Lugo. Curso 2018/19				
		Total	Homes	Mulleres
Ensinanzas ordinarias	Total ensinanzas ordinarias	36.355	18.819	17.536
Ensinanzas de adultos	Total ensinanzas de adultos	2.988	1.398	1.590

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

A nivel provincial, para o curso 2018/2019, o número de homes matriculados na ensinanza ordinaria é de 18.819, fronte a 17.536 mulleres. E no que a ensinanza de adultos se refire, hai 192 mulleres matriculadas menos que homes.



En canto as persoas matriculadas no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos, no ano 2020, podemos confirmar que a maioría de nenos e nenas en idade escolar do concello están matriculadas en centros escolares públicos.

Persoas matriculadas no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos (2020)

21

Educación infantil	98
Educación primaria	183
ESO	142

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

### c. Análise do mundo laboral

A análise da actividade económica do concello indica que, en xaneiro de 2021, un 4.3% da poboación total de Guitiriz encontrase en paro.

Do número total de persoas en paro (238), 117 son homes e 121 mulleres, na maioria das idades son as mulleres as más afectadas por esta situación, excepto no rango de >= a 45 anos, no que hai 16 homes máis ca mulleres.

Paro rexistrado segundo sexo e idade. Guitiriz. (Xaneiro de 2021).

Total	238
Homes < 25	4
Homes 25 - 44	32
Homes > = 45	81
Mulleres < 25	9
Mulleres 25 - 44	47
Mulleres > = 45	65

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do INE

Se falamos do paro rexistrado segundo o sector de actividade económica no municipio, en xaneiro de 2021, o sector máis afectado é o de servizos, con 152 persoas en paro, debemos de ter en conta a actual pandemia que se está a vivir, o COVID19, para facer unha lectura completa dos datos que estamos a traballar. Logo do sector servizos encontrase o da construcción (38), a agricultura (27), e finalmente, a industria (13).

Paro rexistrado segundo sector de actividade económica en Guitiriz (Xaneiro 2021).	
Agricultura	27
Industria	13
Construcción	38
Servizos	152
Sin emprego anterior	8
Fonte: Elaboración propia a través dos datos do INE	

22

A decembro de 2020, o número de persoas afiliadas en alta laboral no concello é de 2.046, destas, un 52 % son homes, e aproximadamente, un 47 % son mulleres.

Afiliacións en alta laboral (Decembro de 2020)	
Total	2.046
Homes	1.081
Mulleres	965
Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE	

En canto a afiliacións en alta laboral por sectores de actividade, o sector servizos está en primeiro posto (1.162), logo a agricultura e pesca (462), a industria (271), e, finalmente, a construcción (128).

Afiliacións en alta laboral por sectores (Decembro de 2020)	
Agricultura e pesca	462



Industria	271
Construcción	128
Servizos	1.162
Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE	

23

No ano 2021, como ben nos aclara o INE, 67 persoas foron contratadas en Guitiriz, das cales, 46 son homes e 21 mulleres. A maioría destes son de carácter temporal, agás no caso de 2 varóns que foron feitos indefinidos.

Contratos de traballo rexistrados segundo sexo. Guitiriz. (Xaneiro 2021)	
Homes	Mulleres
Inic. indef : 0	Inic. indef : 0
Inic. temporal: 44	Inic. temporal: 21
Convert. indef: 2	Convert. indef: 0
Total:67	
Fonte: Elaboración propia a través dos datos do INE	

#### d. Violencia de xénero

O presente PIOM debe conter unha área, con obxectivos e medidas específicas, encamiñadas á prevención e erradicación da violencia de xénero na nosa sociedade, tendo en conta as circunstancias específicas do noso municipio.

A continuación pónense varias definicións de violencia de xénero:

Lei Orgánica 1/2004 Artigo 1, de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

“Todo acto de violencia (...) que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou foran os seus conxugues ou de quen estén ou estiveran ligados a elas por relacións similares de afectividade, áinda sen convivencia. (...) que teña ou poida ter como resultado unha doença ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”.

Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller AG ONU, 1993



“Todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na vida privada”

Actualmente, temos no concello 9 mulleres vítimas de violencia de xénero, segundo as denuncias interpostas, das cales 1 está en nivel de risco medio, 2 en nivel de risco baixo, e, finalmente, 6 en nivel de risco non apreciado.

24

Casos en activo de violencia de xénero (Marzo de 2021)	
Nivel de risco	
Medio	1
Baixo	2
Non apreciado	6

Fonte: Elaboración propia a través dos datos de VIOGEN

Para poder acadar unha maior comprensión sobre a táboa anterior, a continuación, exponse o que supón para as persoas vítimas de xénero , a nivel de valoración policial, o nivel de risco no que se encontran.

Nivel de risco	Medidas obligatorias	Medidas complementarias
Non apreciado	*As mesmas medidas, de tipo operativo e asistencial, que para calquera outro cidadán denunciante. *Especialmente, información de dereitos e de recursos que ten á súa disposición. Facilitar recomendacións en medidas de autoprotección.	*Facilitar á vítima teléfonos de emergencia e asistencia especializada.
Baixo	*Facilitar á vítima números de teléfono de contacto permanente (24 horas)	*Contactos persoais, esporádicos e discretos, coa vítima



	<p>coas Forzas e Corpos de Seguridade</p> <p>*Contactos telefónicos esporádicos coa vítima.</p> <p>*Comunicación ó agresor de que a vítima dispón de un servizo policial de protección.</p> <p>*Recomendacións sobre autoprotección e maneiras de evitar incidentes.</p> <p>*Información precisa sobre o servizo de teleasistencia móvil.</p> <p>*Derivación da vítima cara os servizos sociais e asistenciais que correspondan ó seu domicilio.</p> <p>*Informar á vítima sobre as recomendacións que se establecen no deseño do Plan de Seguridade.</p> <p>*Se o agresor ten licencia de armas, pedirlle que as entregue voluntariamente ao corpo policial actuante.</p>	<p>*Confección dunha ficha cos datos relevantes da vítima e do agresor, que levara o persoal de patrulla.</p> <p>*Acompañamento ao denunciado a recoller enseres no domicilio, se a Autoridade Xudicial acorda a súa saída do mesmo.</p>
Medio	<p>*Vixilancia ocasional e aleatoria no domicilio e lugar de traballo da vítima.</p> <p>*Comprobación periódica do cumprimento polo agresor entrada/saída centros escolares dos fillos/as.</p> <p>*Acompanhamento á vítima en actuacións de carácter xudicial, asistencial ou administrativo, cando se considere que pode existir algún tipo de risco para a propia vítima.</p> <p>*Entrevista persoal coa vítima polo responsable ou polo persoal da Unidade policial encargada da súa protección.</p> <p>*Informar á vítima sobre as recomendacións que, para este nivel de risco, se establecen no deseño do Plan</p>	<p>*Comprobación periódica do cumprimento das medidas xudiciais de protección.</p> <p>*Entrevista co persoal de Servizos Asistenciais que atenden á vítima / Puntos de Atención Municipal, para identificar outras maneiras efectivas de protección.</p> <p>*Traslado da vítima para ingreso nun centro de acollida.</p>



	de Seguridade.	
Alto	<p>*Vixilancia frecuente e aleatoria en domicilio e lugar de traballo da vítima, así como en entrada/saída centros escolares dos fillos/fillás.</p> <p>*Se non o fixo, insistir á vítima no seu traslado a un centro de acollida ou ó domicilio de un familiar durante os primeiros días, especialmente se non se procedeu á detención do autor.</p> <p>*Instar o seguimento obligatorio do agresor mediante dispositivos electrónicos.</p> <p>*Control esporádico dos movementos do agresor.</p> <p>*Informar á vítima sobre as recomendacións que, para este nivel de risco, se establecen no Plan de Seguridade.</p>	<p>*Contactos esporádicos coas persoas do entorno do agresor e da vítima: veciñanza, familia, traballo, lugares de ocio,...</p>
Extremo	<p>*Vixilancia permanente da vítima, ata que as circunstancias do agresor deixen de ser unha ameaza inminente.</p> <p>*Control intensivo dos movementos do agresor, ata que deixe de ser unha ameaza inminente para a vítima.</p> <p>*No seu caso, vixilancia en entrada/saída centros escolares dos fillos/as.</p> <p>*Deseño dun plan de seguridade personalizado para cada vítima, sobre as medidas que, para este nivel de risco, se establecen no catálogo do Plan de Seguridade.</p>	

Fonte: Elaboración propia a través de VIOGEN

**Asd. Marisol Morandeira Morandeira**  
**Alcaldesa Concello de Guitiriz**

concello de  
**GUITIRIZ**

**IGUALDADE**  
GUITIRIZ

